

XORNADA DE LITERATURA E CINEMA. UNHA LITERATURA EN IMAXES

11 de novembro de 2015

28 de novembro de 2015. Centro Ágora, Lugar da Gramela 17, A Coruña.



PROGRAMA

9.30 Recepción, entrega de material e inauguración

10.00 – 12.00 **Literamas, a literatura galega no cinema.** Conferencia de Manolo González

Interaccións entre a literatura galega e o cinema e algunhas aplicación para a aula.

12.00 – 13.00 **A cicatriz branca. O corpo fala.** Mesa redonda con Margarida Ledo Andión/Eva Veiga.

As pasaxes entre o texto escrito, a imaxe e o imaxinario.

Atopar o "seu lugar no mundo" como un proceso de apropiación do propio corpo, mesmo do corpo da fala: a viaxe, no mellor dos casos, de tantas mulleres forzosamente transterradas.

13.00 – 14.00 **Poesía e Vídeo con/sen cámara. A experiencia da intención.** Obradoiro de Antía Otero

Neste encontro presentarase a experiencia de idear unha peza de videopoesía máis aló do seu soporte técnico. A intención é a de pararse a analizar a relación entre palabra e imaxe no proceso de creación sen perseguir un resultado físico. Un convite a editar contando.

16.00 – 18.00 **De palabra a píxel. Introducción a videopoesía.** Obradoiro de Celia Parra

Unha fiestra para coñecermos as particularidades deste xénero entre o poético e o audiovisual. Exploraremos definicións, tipoloxía, creadoras e creadores referenciais, exemplos de videopoemas, videopoesía en Galicia e recursos na rede para aplicar nas aulas.

18.00 - 20.00 **Ao redor do Proxecto Nimbos.** Conferencia de Martin Pawley.

O "Proxecto NIMBOS" é unha serie de curtas realizadas por diversos cineastas -non só galegos- inspirados en poemas do libro "Nimbos" de Xosé María Díaz Castro (1914-1990). A iniciativa foi impulsada dende o blog "Acto de Primavera" (<http://actodeprimavera.blogspot.com.es>) e na actualidade conta xa con perto de trinta pezas, varias das cales foron exhibidas en festivais internacionais de cinema.

Solicitada a homologación por 8h lectivas.

Matrícula gratuita.